

O Tribunal do Procedemento de selección para a elaboración dunha listaxe de espera para cubrir temporalmente postos da escala técnica superior de administración da USC, subgrupo A1, con carácter previo á realización do primeiro exercicio, acordou:

Facer públicos os **CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO**, que serán os seguintes:

Proba escrita

Cada pregunta valorarase con 1 punto.

Non contarán negativamente as respostas incorrectas.

Para acadar a cualificación de APTO haberá que superar o 50% en cada unha das destrezas, é dicir, comprensión oral, expresión escrita e comprensión escrita.

Será necesario acadar a cualificación de APTO para realizar a proba oral.

Proba oral

Avaliarase de acordo cos criterios que se especifican a continuación:

1. Complexidade gramatical e léxica:

Amplitude e adecuación do vocabulario da persoa candidata para a realización da tarefa en cuestión, así como a variedade de estruturas gramaticais empregadas.

2. Corrección lingüística:

Grao no que a persoa candidata comete erros gramaticais e de pronunciación.

3. Fluidez lingüística:

Fluidez do discurso, incluíndo a capacidade da persoa candidata para manter o fluxo da conversa, o ritmo e o uso de vacilacións.

4. Coherencia e cohesión

Organización do discurso, o uso de conectores e como as ideas están enlazadas de xeito lóxico.

5. Pronunciación e entoación:

Claridade do discurso, incluíndo a pronunciación das palabras e o uso da entoación para transmitir significado.

6 Cumprimento da tarefa:

Como de eficaz é a persoa candidata para completar as tarefas comunicativas, respondendo de xeito adecuado a preguntas, situacións ou instrucións.

Cada un destes criterios de corrección será avaliado nunha escala de 0 a 10. Será necesario obter un mínimo de 30 puntos para acadar unha cualificación satisfactoria nesta proba.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A presidenta

Elsa María Mosquera Barcia

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ELSA MARIA MOSQUERA BARCIA, NIF ***6093**, 29/10/2024 08:55:20.

CSV: 69BE-EDEE-4561-8365